



Nome e apelidos: _____

Data: _____

1. Realiza un debuxo comparando unha célula procariota e unha célula eucariota animal. Indica a carón de cada orgánulo ou estrutura celular a súa función. En que se diferencian as células eucariotas animais e vexetais? Como xurdiron as células eucariotas ao longo da evolución?
2. Escribe os seus postulados da Teoría Celular e os científicos que os formularon. Por que o descubrimento de Ramón y Cajal foi clave para dita teoría?
3. Por que se di que a célula é a unidade fisiolóxica dos seres vivos? Razona a túa resposta.
4. Le esta frase e indica se é verdadeira ou falsa e explícao. *“A célula procariota así como a célula eucariota vexetal carecen de membrana plasmática por teren unha cuberta chamada parede celular”.*
5. Indica se son verdadeiras ou falsas estas afirmacións; no caso de que sexan falsas xustifícao:
 - a) As células procariotas teñen mitocondrias
 - b) Todos os tipos de células teñen núcleo
 - c) Todas as células animais teñen cilios ou ben flaxelos
 - d) As células vexetais non teñen centríolos
 - e) As células vexetais teñen grandes vacúolos
 - f) Na respiración celular prodúcese enerxía, osíxeno e vapor de auga a partir de glicosa e CO₂.

6. Marca cun X a opción correcta en cada caso:

a) A membrana plasmática...

1. ... é ríxida e dálle forma á célula.
2. ... é moi delgada e elástica en todas as células.
3. ... nas células eucariotas é ríxida; nas procariotas, delgada e fráxil.

b) O ADN...

4. ... atópase no núcleo en todas as células.
5. ... en todas as células se acumula nunha zona da membrana chamada nucleoide.
6. ... nas células eucariotas está no núcleo, mitocondrias e cloroplastos; nas procariotas, forma o nucleoide.

c) Os únicos orgánulos presentes tanto en células eucariotas como procariotas son...

7. ... os ribosomas.
8. ... as mitocondrias.
9. ...o núcleo

7. Determinadas células do noso organismo deben morrer para que o conxunto sobreviva, polo que chegan a “suicidarse”. Este mecanismo de “suicidio” ou “morte celular programada” denomínase en bioloxía **apoptose**. Investiga en que momentos clave da nosa vida este proceso gaña especial relevancia.

8. O ano 2020 non será recordado como un ano de boas noticias ao longo da historia. Porén, no medio da crise socioeconómica e sanitaria da Covid19, algunhas boas noticias pasaron desapercibidas e cómpre darlles a importancia que merecen. Investiga que é a **Poliomielite** e que foi o que fixo que neste 2020 a OMS declarase que esta doenza está erradicada en boa parte do mundo.